

Por máis que insistan, o peche de camas durante o verán non ten xustificación posible; nin o fan por mellorar a eficiencia do sistema, nin moito menos pensando nas necesidades das/os traballadoras/es. A mentira por moito que se repita non se converte en verdade.

Desde **CIG-SAÚDE** queremos facer as seguintes consideracións:

1.- O director de asistencia sanitaria xustifica o peche de camas durante máis de 3 meses e medio, co argumento de que as camas en funcionamento serán as suficientes para atender a demanda. Curiosa afirmación, pois os centros sanitarios non funcionan só a demanda, a maioría da actividade é programada. Que vai pasar durante estes 3 meses e medio coa actividade programada? vai ser residual?

2.- Segunda afirmación: "*isto faise para eliminar as bolsas de ineficacia do sistema*". Pode haber algo máis ineficaz que ter unas instalacións sanitarias de alta tecnoloxía a baixo rendemento durante este tempo? Pregoan publicamente que hai que incorporar elementos de xestión "privada" na sanidade pública. En que empresa privada manterían no seu cadro de directivos/as as persoas que suspenden a actividade durante un tempo tan prolongado con maior custe que beneficio? Instalacións pechadas non levan a un maior beneficio, senón a un maior custe. Mentres, empeoran os niveis de saúde da poboación: incremento das listas de espera cirúrxicas, de consultas, de realización de probas diagnósticas.

3.- Afirma a Conselleira de Sanidade que "os profesionais teñen dereito a coller vacacións" . Desde **CIG-SAÚDE** queremos lembrarlle á Sra Conselleira que o persoal disfruta dun mes de vacacións e non de 3 meses e medio. Que o dereito ao goce de vacacións é perfectamente compatible co mantemento da actividade.

Esquece a Conselleira que no SERGAS existen unas listaxes de persoal para ser contratado. Historicamente este persoal era contratado no período vacacional para substituír ao persoal titular. Non sabe a Conselleira que se incrementaron exponencialmente o número de persoas que están inscritas nas listaxes de contratacións? Non sabe a Conselleira que se incrementou o desemprego no sector sanitario? Co peche de camas e a non substitución do persoal no período vacacional, o SERGAS está a incrementar o paro sanitario, condenando aos/ás aspirantes das listas de contratación a non ter nin un só contrato durante o ano 2013. Isto son políticas activas de emprego! Pero que non desespere o persoal, como din os dirixentes do

Partido Popular, sempre lles quedar a mobilidade externa: Alemania, Arabia Saudí, Chile...

**Pechar actividade non é nin de lonxe unha boa xestión, simplemente é unha medida dun mal xestor que vai privar de asistencia sanitaria programada durante 3 meses e medio a poboación Galega.**